

Próximo Concerto – Ano IV N° 5  
17 de abril

  
**FORUM**METROPOLITANO

**MÚSICA DE  
CÁMARA  
NO  
FORUM**

ANO IV - N.º 4



**Ayuntamiento de La Coruña  
Concello de A Coruña**

**ALBERT RODRÍGUEZ  
PABLO S. RODRÍGUEZ**

O R G A N I Z A  
A U L A D E M Ú S I C A D E C Á M A R A  
C O N S E R V A T O R I O S U P E R I O R D E M Ú S I C A  
A C O R U Ñ A

**AUDITORIO FORUM  
METROPOLITANO  
LUNS, 3 de ABRIL  
20:00 horas**

## ALBERT RODRÍGUEZ MARTÍ, guitarra

Albert Rodríguez Martí nace en Massanassa (Valencia) no ano 1987. Aos 11 anos de idade comeza os seus estudos de guitarra no Conservatorio José Iturbi de Valencia co profesor Carlos Alberto Jaramillo Moreno. Ofrece o seu primeiro recital aos 12 anos de idade en representación do grado elemental de Valencia na sala Club Diario Levante. Realiza diversos Masters Classes con diferentes profesores entre os que cabe destacar: Zoran Duckic, José Luís Rodrigo, Joaquín Clerch e David Russell. Durante 2003 e 2004 recibe clases maxistras asiduamente en Madrid, coa profesora e concertista de guitarra Ana Jenaro. A súa actividade musical lévalle a ofrecer recitais en distintos puntos da xeografía española: Almería (Roquetas de Mar), A Rioxa (Nájera), Sevilla, Santander (Comillas), Tarragona (Reus), Castelló (Vilareal, Segorbe), Valencia (Palau da Música, Palace, Sala Xoaquín Rodrigo, Intermusic...) así como en Stratford e Nottigham (Inglaterra).

Foi galardoado co 2º Premio no Concurso Nacional de Guitarra de Comillas (2002), 2º Premio no Concurso Novos Intérpretes de Valencia (2003), 2º Premio no Concurso Nacional de Guitarra de Comillas (2003), Premio especial ao mellor intérprete da Comunidade Valenciana no Concurso Nacional I.E.S. Tárrega de Vilareal (2003), 1º Premio no Concurso Nacional Novos Intérpretes Vila de Salou (2004), 3º Premio no Concurso Internacional José Tomás de Almería (2005).

Recentemente debutou como solista coa orquestra José Perpiñán de Castelló baixo a dirección do mestre Daniel Gómez Asensio e en xullo de 2006 ten prevista unha vira por Xapón xunto coa Orquestra Sinfónica de Melilla.

Na actualidade estuda 1º de grado superior no Conservatorio Superior da Coruña baixo a tutela do concertista e profesor de guitarra Ramón Carnota.

## PABLO S. RODRÍGUEZ MONTERO, guitarra

Nace na cidade da Coruña, onde inicia os seus estudos musicais á idade de 6 anos, baixo a tutela do seu pai, o compositor e mestre de guitarra Enrique Rodríguez Iglesias. Eulogio Albalat, Ramón Molist e Xosé Manuel Dapena foron os seus mestres no Conservatorio de Música da Coruña, centro no que finaliza o grao medio con sobresaínte. Na actualidade realiza estudos de grao superior no Conservatorio Superior de A Coruña baixo a dirección do concertista Ramón Carnota. Asiste a clases de interpretación e perfeccionamento cos mestres Marco Smilli, Marco Socias, Armando Marrosu, Carles Trepas, Àlex Garrobé e Anders Clemens. Ademais asiste a un seminario de composición para guitarra con o compositor italiano Simone Iannarelli durante o Festival José Tomás. En novembro de 2005 asiste a clases con Ricardo Gallén. Frecuentemente recibe consello do guitarrista Gabriel García Santos.

Ós 14 anos comeza a actuar en público. Ten actuado como solista, ou como membro de formacións camerísticas, en diversos puntos da xeografía galega. Tamén foi membro da *Agrupación Musical Albéniz* coa que viaxou por gran parte de España dende o 1995 ata o 2000. No ano 2001 é finalista no I Certame de Xoves Intérpretes "César Aira" celebrado en Cacabelos (León). No 2002 é terceiro premio no mesmo, volvendo a ser finalista na edición do 2003. No 2004 participa como solista no II ciclo "Música de Cámara no Forum" (A Coruña). No mesmo ano colabora coa productora "House-Café music" na gravación do tema "Ode to a lullaby" e escribe a BSO da curtametraxe "Coco e Bobo", escrita e dirixida por José Díaz. Tamén traballa co grupo de improvisación libre colectiva formada polos artistas Pablo Orza e María Chenut, entre outros, realizando gravacións na sede do grupo en Codeso (Boqueixón). En xaneiro de 2005 participa no VIII ciclo de novos intérpretes da Asociación da Lírica Galega "Teresa Berganza" e no III ciclo de Música de Cámara no Forum. Neste ano foi terceiro premio no IV Certame Internacional de Novos Intérpretes César Aira. O seu repertorio abarca desde o renacemento ata a música contemporánea.

Pablo Rodríguez é mestre de guitarra nas escolas *Stroke'n Roll* (A Coruña) e *Alfaia* (Santiago de Compostela).

## PROGRAMA

D. AGUADO (1784-1849) *Introducción e Rondó*

J. TURINA (1882-1949) *Sonata*  
I. Allegro  
II. Andante  
III. Allegro vivo

S. BROTÓNS (n. 1959) *Dos suxestións*  
I. Balada  
II. Toccata

### *Albert Rodríguez, guitarra*

---

L. BROUWER (n. 1939) *Tarantos*

J. RODRIGO (1901-1999) *3 Pezas españolas*  
I. Fandango  
II. Passacaglia  
III. Zapateado

F. SOR (1778-1839) *Fantasia Elexiaca, op. 59*

### *Pablo S. Rodríguez, guitarra*